

## **Os socialistas preguntarán no Pleno pola “deixadez de funcións” do Alcalde de Antas, demostrada nos servizos deficitarios do alumeadado e da recollida de lixo**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
LUGO

**Dende 2011, a entidade local tivo que realizar diversas reparacións na instalación eléctrica por valor de case 50.000 euros; unha cantidade que resulta aínda máis excesiva se se ten en conta que rexeitou o plan enerxético da Deputación, que tiña un custe 0, e se acolleu á unha iniciativa semellante da Xunta, coa que Feijóo obrigou á entidade local a pagar o 15% da mesma**

**Ademais de cofinanciar o proxecto do PP, resulta que, máis da metade das luminarias instaladas coa proposta do Goberno galego, están xa fundidas ou incluso non funcionan. Así mesmo, o sistema actual da pé a que se faga un uso fraudulento do mesmo, xa que calquera pode enganchar a súa luz nos contadores, dado que estes están abertos**

**O municipio estase a converter “nun vertedoiro incontrolado” debido ás continuas avarías do camión de recollida de lixo, que, nos últimos tres anos, supuxeron un gasto para as arcas municipais de preto de 8.000 euros. Por iso, instarán ó Goberno local a facer unha valoración deste elevado custe, así como do gasto que pode supoñer a adquisición dun novo, sen descartar que este poida ser compartido con outros Concellos**

**Outro exemplo da “deixación de funcións”, é que o Rexedor ordenou convocar os Plenos cada tres meses, cando antes eran bimensuais. A sesión de decembro non se celebrou, alegando para elo que, como non daba tempo á ter os Orzamentos preparados, este aprazaríase ata xaneiro, e así o Concello podería aforrar os cartos que supón a súa celebración. Nembargantes, os populares non renunciaron á dieta da sesión extraordinaria, convocada por eles, para debater o plan de emprego da Deputación**

Os socialistas de Antas de Ulla anuncian que, no Pleno que a Corporación celebrará este mes, preguntarán pola “a deixadez de funcións” que está a levar a cabo o Alcalde deste municipio –Javier Varela-, e que se demostra na deficitaria prestación de distintos servizos públicos básicos para os veciños e veciñas. Concretamente, a voceira municipal deste Partido e secretaria de Economía da executiva provincial do PsdeG-PSOE –Pilar García Porto- refírese, en primeiro lugar, á “mala e deficitaria situación” na que se atopa o alumeadado público, xa que, dende 2011, a entidade local tivo que realizar diversas obras de mellora na instalación por valor de case 50.000 euros.

“Trátase dunha cantidade excesiva. Ademais, sabemos que o Concello, logo de rexeitar o plan enerxético da Deputación, que tiña un custe 0, se acolleu á unha iniciativa semellante da Xunta, coa que Feijóo obrigou á entidade local a pagar 15% da mesma. Pero é que, a maiores de cofinanciar o proxecto do PP, cóstanos que máis da metade das luminarias instaladas, coa proposta do Goberno galego, están xa fundidas ou incluso non funcionan”.

Así mesmo, subraia a socialista, o sistema eléctrico actual, da pé a que se faga un uso fraudulento do mesmo, xa que calquera pode enganchar a súa luz nos contadores, dado que estes están abertos. Por se isto fose pouco, engade a voceira do PSOE de Antas de Ulla, son varios os veciños que están acendendo e apagado o alumeadado, debido a que este non funciona correctamente.

Ante esta grave situación, e dado que existe un empregado municipal destinado a este fin, pero que o Alcalde ten relegado a outras funcións, os socialistas proporán que o Concello “recupere esta figura”, xa que se trata dun traballador cualificado. “É dicir, Varela ten un profesional para xestionar o

alumeado publico, cuxo soldo pagamos todos os veciños e veciñas de Antas, e resulta que o ten adicado a outras cuestións. O Sr. Varela terá que darnos explicacións”-

## **O municipio, “un vertedoiro incontrolado”**

Outro dos asuntos polos que preguntará o PSOE na vindeira sesión plenaria é polo servizo de recollida de lixo municipal, pois as avarías continuas que está a ter o camiión provocan que varios lugares do municipio se estén a converter “case que nun vertedoiro incontrolado”.

Por este motivo, os socialistas instarán ó Goberno local a facer unha valoración do que custaron as últimas reparacións de dito vehículo, así como do gasto que pode supoñer a adquisición dun novo, xa que “ano tras ano son varias as facturas que o Concello ten que pagar polas numerosas avarías”. Tal é así, que nos últimos tres tres anos, os pagos correspondentes a este concepto aproxímanse ós 8.000 euros. Deste xeito, no caso de que a compra fose demasiado elevada, o grupo do PSOE propondrá que esta se realice compartida con outros Concellos; o que permitiría abaratar considerablemente o custe da mesma.

“É dicir, o que nós pretendemos é que se preste un servizo axeitado, non que, como acontece na actualidade, o municipio sexa un almacén de lixo. Por iso, se o Concello non pode afrontar a compra dun camiión por si só, a solución que proporemos é que o Alcalde a negocia con outras entidades. Con isto, conseguirá dúas cousas: atallar o problema, conseguindo prestar un servizo eficaz, e reducir custes”, destaca García Porto.

## **O Rexedor tampouco convocou o Pleno de decembro**

Exemplo da “deixación de funcións” do Rexedor á que se refire Pilar García Porto é “a práctica habitual” do Rexedor na convocatoria dos Plenos. A modo de exemplo, sinala que Varelo pasou de convocar as sesións cada tres meses, cando a norma era cada dous. Así mesmo, ordenou que non se celebrase o de decembro, alegando para elo que, como non daba tempo á ter os Orzamentos preparados, este aprazaríase ata este mes, e así o Concello podería aforrar os cartos que supón a súa celebración.

Os concelleiros do PSOE tan só recibiron un correo electrónico da secretaria, para anunciarlles a decisión de Varela, engadindo, ademais, que esta tamén lles sería comunicada por escrito a cada un dos edís dos grupos políticos.

“O único que nos chegou foi o e-mail, da carta nada de nada. O Alcalde di que é para aforrar cartos. Sen embargo, á sesión extraordinaria convocada polo PP para debater o plan de emprego da Deputación si que se celebrou. O Partido Popular comprometeuse a renunciar á dieta de asistencia a este Pleno, que fixeron para vetar que a institución de Besteiro dé traballo ós parados da provincia, pero, a día de hoxe, aínda non o fixo”. Pola contra, os concelleiros socialistas, tendo en conta que este Pleno forma parte da estratexia do Partido Popular de atacar a quen si que crea emprego, donarán a prestación que cobramos a unha entidade sen ánimo de lucro.

17 de xaneiro de 2014

**Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**